

**Indica a que autor (ou autores) corresponde cada unha destas opcións:**

	Horacio	Virxilio
Naceu en Venusia		
Naceu en Andes		
Estudou a filosofía epicúrea		
Estudou retórica		
Morreu no 19 a.n.e.		
Morreu no 8 a.n.e.		
Escribiu obras líricas		
Foi contemporáneo de Augusto		
Foi contemporáneo de Mecenas		
Escribiu as <i>Bucólicas</i> , tamén coñecidas como <i>Églogas</i> .		
Escribiu as <i>Odas</i>		
Escribiu os <i>Epodos</i>		
Escribiu a <i>Eneida</i>		
Un dos seus antecedentes é Apolonio de Rodas		
Un dos seus antecedentes é Calímaco		
Un dos seus antecedentes é Arquíloco de Paros		
Un dos seus antecedentes é Ennio		
Usou hexámetros dactílicos nas súas composicións		
Unha das súas obras colleu o seu nome do trímetro máis dímetro iámbico		
Aparece como guía de Dante na <i>Divina Comedia</i>		
Influíu moito na obra de Petrarca.		
Un dos temas que aparece na súa obra é o desarraigo pola perda da patria.		
Un dos temas que aparece na súa obra resúmese moi ben no tópico do <i>Carpe diem</i>		
Foi moi influenciado por Homero		
Puido dedicarse case en exclusivo á creación literaria grazas á <i>villa</i> que lle agasallou Mecenas		
Participou na batalla de Filipos no bando perdedor.		
Escribiu o <i>Canto Secular</i>		
Morreu en Brundisium (Brindisi)		
Escribiu catro libros de poemas en métrica eólica		
Augusto lle encargou un himno propagandístico		
Augusto lle encargou unha gran épica nacional		
A súa obra épica pódese dividir en dous seccións desde o punto de vista da historia ou en tres desde o punto de vista das personaxes		
O nome dunha das súas obras responde a unha poesía iámbica da Grecia arcaica		
Malia ter loitado no bando contrario a Octavio Augusto, concedéronlle a amnistía		
Aparece nas súas obras o tópico da <i>aurea mediocritas</i>		

**"Pasapalabra" de Horacio e Virxilio**

A	_____ <i>mediocritas</i> , tópico presente na obra de Horacio: defensa do termo medio e da mesura.	
B	_____, outro nome das <i>Églogas</i> .	
C	_____ <i>diem</i> : aproveita o día, colle o día. Tópico horaciano por excelencia.	
D	raíña viúva de Cartago	
E	composición de orixe grega destinada ao insulto e ao improprio	
F	<i>cognomen</i> de Horacio	
G	_____ de la Vega, poeta español influído por Horacio.	
H	_____ dactílico: metro herdado da tradición homérica usado tanto por Virxilio como por Horacio.	
I	outro nome que se lle da aos <i>Epodi</i>	
L	escritor do <i>De rerum natura</i> que influíu decisivamente a Virxilio	
M	patrocinador tanto de Virxilio como de Horacio.	
N	escritor do <i>Bellum Poenicum</i> , quen, de feito, participou no enfrontamento.	
O	_____, tamén coñecido como <i>Carmina</i> : obra en catro libros escrita por Horacio.	
P	<i>Ars</i> _____, outro nome da <i>Epístola aos Pisóns</i> , escrita por Horacio.	
Q	<i>praenomen</i> de Horacio	
R	_____: recurso literario no que un autor aduce incapacidade para non escribir un certo tipo de poema ou tratar un tema concreto.	
S	_____ ou <i>Sermones</i> en latín: parte da obra hexamétrica de Horacio.	
T	o antagonista principal de Eneas.	
U	nome romano de Odiseo, protagonista principal da <i>Odisea</i> , obra que inspirou fortemente a Virxilio.	
V	lugar de nacemento de Horacio.	
X	número de libros (en números romanos) que ten a <i>Eneida</i>	
Z	nome en latín dos celos, o que sofre a deusa Xuno e que a motiva para intentar poñerlle trabas a Eneas.	